

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER o expediente tramitado de contratación administrativa da obra de “ALUMEADO PÚBLICO NO PARQUE MUNICIPAL SIGÜEIRO, ALUMEADO PÚBLICO NA PISTA DE POLIDEPORTIVO DO CONCELLO DE OROSO EN DEIXEBRE E ALUMEADO PÚBLICO NA PRAZA DE ALEXANDRE BÓVEDA DIVIDIDO EN TRES LOTES” incluída no FEESL 2010 (expediente de contratación nº 2010/005).

CONSIDERANDO as proposicións económicas e técnicas presentadas no prazo polos licitadores e valoradas pola mesa de contratación consonte o establecido nos pregos de cláusulas administrativas e técnicas.

LOGO DE VER a proposta da mesa de contratación, o día 01/07/2010 pola que se propón adxudicarlle o contrato á empresa “Mª Jesus Bouzas Fernández”, por ser a mellor oferta presentada para o Concello de acordo cos criterios de adxudicación.

No uso das facultades que me confire a Disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, con esta data **RESOLVO**:


Primeiro.- Adxudicarlle provisionalmente o contrato de obra “ALUMEADO PÚBLICO NO PARQUE MUNICIPAL SIGÜEIRO, ALUMEADO PÚBLICO NA PISTA DE POLIDEPORTIVO DO CONCELLO DE OROSO EN DEIXEBRE E ALUMEADO PÚBLICO NA PRAZA DE ALEXANDRE BÓVEDA DIVIDIDO EN TRES LOTES” incluída no FEESL 2010, a Mª Jesus Bouzas Fernández, por ser a mellor oferta para o Concello, polos seguintes prezos:

	BASE	IVE	TOTAL
LOTE 1	6625,92 euros	1060,14 euros	7686,06 euros
LOTE 2	15536,64 euros	2485,86 euros	18022,50 euros
LOTE 3	65573,76 euros	10491,80 euros	76065,56 euros


Segundo.- Proceder á publicación deste acordo no perfil do contratante e notificarlles o presente acordo aos demais licitadores e ao adxudicatario para os efectos de constitución da garantía definitiva dun 10% do prezo global de adxudicación, IVE excluído, e da presentación da documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, se para acreditar o cumprimento das ditas obrigas se optase inicialmente pola presentación dunha declaración responsable.

Oroso, 5 de xullo de 2010

O alcalde,



Manuel Mirás Franqueira



Ante min, secretario

Dalmiro Núñez Méndez